

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

ORDE do 8 de maio de 2013 pola que se regulan as bases para a concesión das axudas establecidas no artigo 27 da Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero, e no artigo 43 da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, e se procede á súa convocatoria para o ano 2013.

A Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero establece, no seu artigo 27, o dereito a unha axuda económica para aquelas mulleres vítimas de violencia de xénero que se sitúen nun determinado nivel de rendas e sobre as cales se presuma que, pola súa idade, falta de preparación xeral ou especializada e circunstancias sociais, teñen especiais dificultades para obter un emprego. Trátase dun dereito subxectivo, mediante o cal se pretende facilitar a súa integración social.

En aplicación da disposición derradeira cuarta desta lei aprobouse o Real decreto 1452/2005, do 2 de decembro, polo que se regula esta axuda, e que se xustifica na necesidade de concretar os factores que inflúen na capacidade de inserción profesional das mulleres vítimas de violencia de xénero e tamén nas posibilidades de modulación da contía da axuda en atención ás distintas circunstancias en que se poden encontrar as vítimas. Estas axudas fináncianse con cargo aos orzamentos xerais do Estado, polo que o importe dos pagamentos será reembolsado polo ministerio competente na súa integridade; non obstante, a concesión correspóndelle ás administracións competentes en materia de servizos sociais. Así, o artigo 40 da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, determina que a Xunta de Galicia, a través do departamento competente en materia de igualdade, regulará as bases da convocatoria e tramitará as axudas que se definan na lexislación estatal, segundo o disposto na Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas para a protección integral contra a violencia de xénero.

Por outra banda, o Fondo Galego de Garantía de Indemnizacións regulado no artigo 43 da Lei 11/2007, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, indica que a Xunta de Galicia concederá indemnizacións a favor das mulleres que



sofren violencia de xénero e/ou das e dos menores ou persoas dependentes afectadas que residan en Galicia e que non poidan percibir as indemnizacións que lles correspondan polos danos e perdas causados, e que resultarán fixadas mediante sentenza xudicial ditada polos xulgados e tribunais con sede no territorio galego. Estas indemnizacións aboaranse cando exista constatación xudicial de incumprimento do deber de satisfacelas por insolvencia económica e este incumprimento comporte unha situación de precariedade económica.

A Secretaría Xeral da Igualdade é órgano superior da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia adscrito á Vicepresidencia e Consellería da Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, segundo o disposto no artigo 1.a).1 do Decreto 235/2012, do 5 de decembro, polo que se fixa a estrutura orgánica da Vicepresidencia e das consellerías da Xunta de Galicia.

En consecuencia, a través desta disposición establécense as bases que rexerán o procedemento de concesión das axudas previstas nos anteditos preceptos legais, e convócanse para o ano 2013.

Por todo o exposto, e no uso das facultades que teño atribuídas

DISPOÑO:

Artigo 1. *Obxecto, réxime e finalidade*

1. O obxecto desta orde é establecer as bases, que se inclúen como anexo, que rexerán a concesión das axudas previstas no artigo 27 da Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero e no artigo 43 da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero. Así mesmo, por medio desta orde convócanse as ditas axudas para o ano 2013.

2. A finalidade das axudas establecidas na antedita lei orgánica é proporcionarlle apoio económico ás mulleres que sofren violencia de xénero; a das indemnizacións previstas na lei galega é facer valer o dereito recoñecido por sentenza xudicial ditada por xulgados e tribunais con sede no territorio galego.



Artigo 2. *Lugar e prazo de presentación das solicitudes*

1. As solicitudes formalizaranse segundo o modelo do anexo I desta orde asinadas pola persoa solicitante. O formulario da solicitude así como os demais formularios normalizados referidos nas bases reguladoras e que figuran como anexos desta orde estarán dispoñibles na sede electrónica da Xunta de Galicia no enderezo <https://sede.xunta.es> e na páxina web da Secretaría Xeral da Igualdade <http://www.mulleresengalicia.es>.

2. As solicitudes poderán presentarse en formato electrónico, ante o Rexistro Electrónico da Xunta de Galicia, no enderezo electrónico <https://sede.xunta.es>, de acordo co estipulado na Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos, e no Decreto 198/2010, do 2 de decembro, polo que se regula o desenvolvemento da Administración electrónica na Xunta de Galicia e nas entidades dela dependentes. Para a presentación electrónica a solicitante deberá posuír un DNI electrónico ou calquera outro certificado dixital en vigor baixo a norma X.509 V3 recoñecido pola plataforma de validación e sinatura electrónica @firma. Xunto cos formularios de solicitude deberá achegarse a documentación a que se fai referencia no artigo 4 das bases reguladoras da convocatoria, que deberá cumprir os requisitos sinalados no artigo 27 do Decreto 198/2010, do 2 de decembro. Aqueles documentos non dispoñibles en formato electrónico e que pola súa natureza non sexan susceptibles de presentación nun formato electrónico válido deberán presentarse, xunto coa copia do anexo I, a través das vías previstas no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Ademais do formato electrónico, admítese igualmente a presentación en formato papel no Rexistro da Secretaría Xeral da Igualdade, sito no Edificio Administrativo San Lázaro, s/n, en Santiago de Compostela, así como nos de calquera outro órgano da Administración xeral do Estado, das comunidades autónomas ou das entidades que integran a Administración local, sempre que neste último caso teñan subscrito o convenio de colaboración para a implantación dun sistema intercomunicador dun rexistro coa Administración da Comunidade Autónoma de Galicia, ou polos restantes medios previstos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

No caso de que se opte por presentar a solicitude ou calquera outra documentación que se achegue nas distintas fases do procedemento, ante unha oficina de Correos, farase en sobre aberto para que sexa selada e datada pola oficina antes de ser certificada, segundo



o establecido no Real decreto 1829/1999, do 3 de decembro, polo que se regula a prestación de servizos postais.

3. O prazo para a presentación de solicitudes comezará o día seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia* e rematará o 30 de novembro de 2013 no caso da axuda establecida no artigo 27 da Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero, e o 31 de outubro de 2013 para a indemnización recollida no artigo 43 da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero.

Artigo 3. *Orzamento*

Para a concesión destas axudas destínase crédito polo importe e nas aplicacións seguintes:

– Axuda establecida no artigo 27 da Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero: 303.498,40 euros na aplicación orzamentaria 05.11.313D.480.2, códigos de proxecto: 2012 00838 e 2013 00774.

– Indemnización establecida no artigo 43 da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero: 45.000 euros na aplicación orzamentaria 05.11.313D.480.1, código de proxecto 2013 00178.

Este crédito poderá ser ampliado cando o aumento derive dalgún dos supostos previstos no artigo 30.2 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. O incremento de crédito quedará condicionado á declaración de dispoñibilidade deste como consecuencia das circunstancias sinaladas no antedito artigo.

Artigo 4. *Contía das axudas*

1. Axudas establecidas no artigo 27 da Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero.

1.1. O importe desta axuda será, con carácter xeral, equivalente ao de seis meses do subsidio por desemprego vixente.



1.2. O importe desta axuda será equivalente a doce meses de subsidio por desemprego nos seguintes casos:

a) Cando a vítima teña a cargo un familiar ou menor acollido/a.

b) Cando a vítima, sen responsabilidades familiares, teña unha discapacidade igual ou superior ao 33 %.

1.3. O importe desta axuda será equivalente a dezaioito meses de subsidio por desemprego nos seguintes casos:

a) Cando a vítima teña ao seu cargo dous ou máis familiares ou menores acollidos/as, ou un familiar e un menor acollido/a.

b) Cando a vítima teña ao seu cargo un familiar ou menor acollido/a e unha discapacidade igual ou superior ao 33 % ela ou a persoa dependente.

1.4. O importe desta axuda será equivalente a vinte e catro meses de subsidio por desemprego nos seguintes casos:

a) Cando a vítima teña ao seu cargo dous ou máis familiares ou menores acollidos/as, ou un familiar e un menor acollido/a e unha discapacidade igual ou superior ao 33 % ela ou algunha das persoas dependentes.

b) Cando a vítima de violencia de xénero con responsabilidades familiares ou o familiar ou menor acollido/a con quen conviva teña recoñecido oficialmente un grao de discapacidade igual ou superior ao 65 %.

2. Axudas de indemnización establecidas no artigo 43 da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero

A contía da indemnización que se aboará será, sen prexuízo do disposto no seguinte parágrafo, a fixada pola resolución xudicial correspondente que quede pendente de pagamento tras a declaración de insolvencia do obrigado a este.

A contía máxima da indemnización establécese en 6.000 € por cada persoa beneficiaria.



Artigo 5. *Instrución e resolución*

A instrución e resolución do procedemento axustarase ao establecido nas bases reguladoras destas axudas.

Artigo 6. *Información ás persoas interesadas*

Sobre este procedemento administrativo, que ten o código SI434B, poderase obter documentación normalizada ou información adicional na Secretaría Xeral da Igualdade, nas delegacións territoriais da Vicepresidencia e Consellería da Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza; a través da páxina web oficial da Xunta de Galicia, <http://www.xunta.es/resultados-da-guia-do-cidadan>, ou da Secretaría Xeral da Igualdade, <http://www.mulleresengalicia.es>, do teléfono 981 95 76 99 no enderezo electrónico vx.igualdade@xunta.es.

Disposición adicional primeira

Apróbase a delegación de atribucións do vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza na Secretaría Xeral da Igualdade para resolver a concesión ou denegación das axudas e subvencións previstas nesta orde, así como para autorizar, dispoñer, recoñecer a obriga e propoñer os correspondentes pagamentos, así como as relativas aos procedementos de reintegro sinaladas no título II da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Disposición adicional segunda

A Secretaría Xeral da Igualdade instará a tramitación das modificacións orzamentarias necesarias para recoñecer as obrigas e realizar os pagamentos correspondentes ás axudas aprobadas en cumprimento do disposto no artigo 27 da Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero.

Disposición adicional terceira

As solicitudes recibidas no prazo establecido na Resolución do 21 de maio de 2012, da Secretaría Xeral da Igualdade, pola que se convocan as axudas establecidas no artigo 27



da Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero, e no artigo 43 da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, que ao remate do exercicio anterior non acadasen a fase de resolución por non estaren completos os trámites previos, resolveranse con cargo aos créditos desta orde.

Disposición adicional cuarta

En todo o non previsto nesta orde, aplicarase o disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu regulamento e demais normativa de aplicación.

Disposición derradeira primeira

Quedan sen efecto as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia non competitiva, das axudas establecidas no artigo 27 da Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero, e no artigo 43 da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, aprobadas pola Resolución da Secretaría Xeral da Igualdade do 8 de marzo de 2011 (DOG nº 49, do 11 de marzo).

Disposición derradeira segunda

A secretaria xeral da Igualdade ditará as instrucións necesarias para o adecuado desenvolvemento e cumprimento desta orde.

Disposición derradeira terceira

Esta disposición entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 8 de maio de 2013

Alfonso Rueda Valenzuela

Vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza



ANEXO

Bases reguladoras para a concesión das axudas establecidas no artigo 27 da Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero, e no artigo 43 da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero

Artigo 1. *Tipos de axudas*

As axudas a que se refire esta orde fan referencia ás seguintes modalidades:

1. Axudas dirixidas a mulleres vítimas de violencia de xénero que residan na Comunidade Autónoma de Galicia e acrediten insuficiencia de recursos e unhas especiais dificultades para obter un emprego (axuda establecida no artigo 27 da Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero).

2. Axudas de indemnización dirixidas ás mulleres que sofren violencia de xénero e/ou as e os menores ou persoas dependentes delas polos danos e perdas ocasionados como consecuencia da situación de violencia, fixadas mediante sentenza xudicial, no caso de incumprimento, por insolvencia, por parte do obrigado a satisfacelas (indemnización establecida no artigo 43 da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero).

Artigo 2. *Requisitos*

1. Axudas establecidas no artigo 27 da Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero.

Para ser beneficiaria desta axuda, a solicitante deberá reunir na data de solicitude da axuda e manter ata o momento en que se resolva a dita solicitude os seguintes requisitos:

a) Ser muller, maior de idade ou emancipada, vítima de violencia de xénero. Esta condición acreditarase con algún dos documentos establecidos no artigo 4.1.a) destas bases reguladoras.

b) Non convivir co agresor.



c) Estar empadroadada e residir en calquera dos concellos da Comunidade Autónoma de Galicia. No caso das mulleres estranxeiras, tamén será necesario ter permiso de residencia e de traballo.

d) Ter especiais dificultades para obter un emprego, que se acreditará a través do informe do Servizo Público de Emprego recollido no artigo 6 destas bases.

e) Carecer de rendas que, en cómputo mensual, superen o 75 por cento do salario mínimo interprofesional vixente, excluída a parte proporcional de dúas pagas extraordinarias.

Non poderán ser beneficiarias as mulleres que, reunindo estes requisitos, percibisen esta axuda ou a axuda periódica establecida no artigo 39 da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero con anterioridade.

2. Axudas de indemnización establecidas no artigo 43 da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero.

Poderán ser beneficiarias destas indemnizacións as mulleres, maiores de idade ou emancipadas, vítimas de violencia de xénero e todas as persoas que dependan económica e/ou asistencialmente dunha muller que sufra violencia de xénero, nas cales concorran as seguintes circunstancias:

a) Estar empadroadada e residir en calquera dos concellos da Comunidade Autónoma de Galicia. No caso das mulleres estranxeiras, tamén será necesario ter permiso de residencia.

b) Ter dereito á percepción dunha indemnización, por danos e perdas derivados dunha situación de violencia de xénero, recoñecida nunha resolución xudicial firme ditada por un xulgado ou tribunal con sede na Comunidade Autónoma de Galicia.

c) Que exista constatación xudicial do incumprimento do deber de satisfacer a indemnización por insolvencia do obrigado ao pagamento.

d) Que a persoa beneficiaria estea nunha situación de precariedade económica como consecuencia da falta de pagamento da indemnización xudicialmente recoñecida, segundo o establecido no artigo 3.2.



e) Non convivir co agresor.

Artigo 3. *Regras para o cálculo da contía das axudas.*

1. Axudas establecidas no artigo 27 da Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero.

Segundo o disposto no artigo 4 do Real decreto 1452/2005, do 2 de decembro, polo que se regula esta axuda, para os efectos de determinar o requisito de carencia de rendas, unicamente se terán en conta as rendas ou ingresos de que dispoña ou poida dispoñer a solicitante da axuda, sen que se computen para estes efectos as rendas ou ingresos doutros membros da unidade familiar que convivan coa vítima. Non obstante, se a solicitante da axuda ten responsabilidades familiares, segundo o establecido no artigo 7, entenderase que cumpre o requisito de carencia de rendas cando a renda mensual do conxunto da unidade familiar, dividida polo número de membros que a compoñen, non supere o 75 % do salario mínimo interprofesional. No suposto de que a solicitante perciba axudas ao abeiro da Lei 35/1995, do 11 de decembro, de axudas e asistencia ás vítimas de delitos violentos e contra a liberdade sexual, estas deberán computarse como ingresos.

2. Axudas de indemnización establecidas no artigo 43 da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero.

Entenderase que se produce unha situación de precariedade económica cando os ingresos da unidade familiar de convivencia a que pertenza a persoa beneficiaria divididos polo número de membros que a compoñen, non superen o importe do IPREM vixente.

3. Consideraranse rendas ou ingresos computables calquera ben, dereito ou rendemento de que dispoña a persoa solicitante derivados do traballo, do capital mobiliario ou inmobiliario, incluíndo os incrementos de patrimonio, das actividades económicas e os de natureza prestacional, agás as asignacións económicas da Seguridade Social por fillo/a ou menor acollido/a a cargo. Tamén se considerarán os rendementos que se poidan deducir do montante económico do patrimonio, aplicando ao seu valor o 50 por cento do tipo do xuro legal do diñeiro vixente, coa excepción da vivenda habitualmente ocupada pola solicitante e dos bens cuxas rendas sexan computadas. As rendas que non procedan do traballo e se perciban con periodicidade superior ao mes, computaranse para estes efectos rateándose mensualmente.



Artigo 4. *Solicitudes e documentación*

1. Axudas establecidas no artigo 27 da Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero.

A solicitude da axuda presentarase segundo o modelo que figura como anexo I asinada pola solicitante, xunto coa seguinte documentación:

a) Documentación acreditativa da condición de vítima de violencia de xénero.

As situacións de violencia de xénero que dan lugar ao recoñecemento do dereito a esta axuda económica acreditaranse coa orde de protección a favor da vítima, cando esta estea en vigor; coa sentenza condenatoria definitiva, ou definitiva e firme, que conteña medidas de protección vixentes que acrediten a actualidade da situación de violencia e, excepcionalmente, co informe do Ministerio Fiscal que indique a existencia de indicios de que a denunciante é vítima de violencia de xénero, mentres non se dite a orde de protección.

b) Declaración responsable de ingresos mensuais da solicitante ou, se ten responsabilidades familiares segundo o establecido no artigo 7, declaración de ingresos do conxunto da unidade familiar (anexo II).

c) No caso de que a solicitante teña ao seu cargo polo menos un familiar por consanguinidade ou afinidade ata o segundo grao, deberá presentar a documentación que se relaciona a continuación:

1. Copia compulsada do libro de familia ou doutro documento que acredite os vínculos familiares da solicitante coas persoas ao seu cargo.

2. Se houber convivencia cos familiares a cargo presentarase fotocopia compulsada do documento de asistencia sanitaria da Seguridade Social da vítima en que se recoñeza a condición de beneficiarios/as dos/as familiares ao seu cargo, ou calquera outro documento que acredite a convivencia (informe social, certificado de empadramento conxunto...).

3. De non existir convivencia, presentarase fotocopia compulsada do convenio ou resolución xudicial en virtude dos cales exista obriga de alimentos.



4. Nos casos de menores acollidas/os a cargo, deberán presentar copia compulsada da resolución administrativa ou xudicial acreditativa da dita situación

d) No caso de discapacidade da solicitante e/ou das/os familiares a cargo ou menores acollidas/os, copia compulsada da certificación acreditativa de tal condición. Non será necesario presentar esta documentación no caso de que fose expedida pola Xunta de Galicia no desenvolvemento das súas competencias.

e) No caso de solicitantes estranxeiras, copia compulsada da tarxeta de residencia e do permiso de traballo ou da tarxeta de réxime comunitario, en vigor, segundo o caso.

f) Declaración do conxunto das axudas solicitadas ou concedidas, para a mesma finalidade, das distintas administracións públicas ou calquera dos seus organismos, entes ou sociedades (anexo III).

g) Declaración responsable de non convivir co agresor e de non ter sido beneficiaria desta axuda con anterioridade (anexo IV)

h) Datos da conta bancaria da cal a solicitante é titular única, ou compartida con persoa distinta do agresor, con expresión dos códigos da entidade bancaria e sucursal, número da conta e díxito de control (anexo I).

i) De ser o caso, autorización dos membros da unidade familiar de convivencia para obter información adicional sobre os seus ingresos e recursos económicos (anexo VI).

2. Axudas de indemnización establecidas no artigo 43 da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero.

A solicitude presentárase segundo o modelo que figura como anexo I, asinada pola persoa solicitante ou o/a representante legal, de ser o caso, xunto coa seguinte documentación.

a) Testemuño da resolución xudicial firme, ou copia compulsada desta, que recoñeza o dereito a unha indemnización por danos e perdas froito dunha situación de violencia de xénero.



b) Testemuño da resolución xudicial, ou copia compulsada desta, que recoñeza a insolvencia do debedor.

c) Declaración responsable de ingresos da unidade familiar de convivencia (anexo II).

d) No caso de solicitantes estranxeiras, copia compulsada da tarxeta de residencia ou da tarxeta de réxime comunitario, en vigor, segundo o caso.

e) Declaración do conxunto das axudas solicitadas, concedidas ou percibidas, para a mesma finalidade, das distintas administracións públicas ou calquera dos seus organismos, entes ou sociedades (anexo III).

f) Declaración responsable de non convivir co agresor e de non ter percibido a indemnización correspondente ou, se é o caso, declaración responsable indicando a contía da indemnización percibida (anexo IV).

g) Compromiso de devolución da indemnización percibida, no prazo de catro anos desde o momento da concesión, no caso de que, por cambio de fortuna do obrigado ao pagamento, este proceda a pagar de xeito voluntario ou forzoso (anexo V).

h) Datos da conta bancaria da cal a solicitante é titular única, ou compartida con persoa distinta do agresor, con expresión dos códigos da entidade bancaria e sucursal, número da conta e díxito de control (anexo I).

i) De ser o caso, autorización dos membros da unidade familiar de convivencia para obter información adicional sobre os seus ingresos e recursos económicos (anexo VI).

j) No caso de que a persoa solicitante sexa un/unha menor de idade que dependa dunha muller que sufra violencia de xénero ou unha persoa maior de idade que dependa económica e/ou asistencialmente dunha muller que sufra violencia de xénero, deberá acreditarse a dita dependencia mediante copia compulsada do libro de familia e informe de servizos sociais, resolución xudicial de custodia ou calquera outro documento que acredite suficientemente esta circunstancia. No caso de que a solicitante sexa unha persoa en situación de dependencia, de acordo coa definición establecida no artigo 2 da Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de



dependencia, deberá presentar, ademais, copia compulsada do certificado expedido polo órgano competente de ter recoñecido, polo menos, o grao I de dependencia ou unha discapacidade igual ou superior ao 65 %.

3. De acordo co disposto no artigo 35.f) da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, non será necesario presentar a documentación que xa estea en poder da Administración actuante, sempre que se faga constar a data e o órgano ou dependencia en que foron presentados ou, se é o caso, emitidos, e cando non transcorresen máis de cinco anos desde a finalización do procedemento a que correspondan.

Nos supostos de imposibilidade material de obter o documento, o órgano competente poderá requirirle á solicitante a súa presentación ou, no seu defecto, a acreditación por outros medios dos requisitos a que se refire o dito documento, con anterioridade á formulación da proposta de resolución.

4. As solicitantes deberán comunicar á Secretaría Xeral da Igualdade calquera modificación que se producise nos datos indicados na súa solicitude ou en calquera dos documentos que a acompañan. Esta variación comunicárase no momento en que se produza, co fin de axilizar a instrución do procedemento.

Artigo 5. *Consentimentos e autorizacións*

1. A presentación da solicitude implica o coñecemento e a aceptación destas bases reguladoras e, ao abeiro do establecido nos artigos 2 e 3 do Decreto 255/2008, do 23 de outubro, polo que se simplifica a documentación para a tramitación dos procedementos administrativos e se fomenta a utilización de medios electrónicos, implicará a autorización á Secretaría Xeral da Igualdade para comprobar os datos de carácter persoal, que figuren no documento DNI/NIE da persoa que teña a condición de interesada, por medio do acceso telemático ao servizo horizontal de acceso ao Sistema de verificación de datos de identidade e de residencia do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas. Non obstante, a solicitante poderá denegar expresamente o consentimento; neste caso, deberá presentar, xunto coa solicitude, unha copia compulsada do documento de identidade en vigor correspondente e un certificado de empadramento emitido dentro do intervalo temporal que comprende os tres meses inmediatamente anteriores á data de presentación da solicitude.



No caso das solicitudes das axudas previstas no artigo 1, punto 1, destas bases reguladoras, comporta a autorización ao órgano instrutor para solicitar o informe de empregabilidade ao Servizo Público de Emprego.

Así mesmo, comporta o consentimento para completar o expediente administrativo, para realizar as comprobacións oportunas que acrediten a veracidade dos datos ou documentos achegados no procedemento administrativo, e para obter a información adicional que sexa necesaria para a adecuada estimación dos ingresos ou recursos económicos da solicitante e doutros membros da unidade familiar de convivencia, de ser o caso, dirixíndose aos órganos públicos ou privados competentes, a través de acceso directo a bases de datos por medios telemáticos ou a través de solicitude por oficio ordinario.

Non obstante o disposto no parágrafo anterior, se for necesario obter información adicional dos ingresos ou recursos económicos dos membros da unidade familiar de convivencia da solicitante, o órgano xestor solicitará o seu consentimento para pedir a dita información. A autorización realizarase segundo o modelo do anexo VI.

2. A Secretaría Xeral da Igualdade velará polos datos de carácter persoal que sexan obxecto de tratamento, e adoptará as medidas necesarias para cumprir co disposto na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.

A finalidade da recolla e tratamento dos datos persoais será estritamente a xestión e tramitación do expediente correspondente.

Os datos non serán obxecto de cesión a terceiras persoas; non obstante, a Secretaría Xeral da Igualdade revelará ás autoridades públicas competentes os datos persoais e calquera outra información que estea no seu poder ou sexa accesible a través dos seus sistemas e sexa requirida de conformidade coas disposicións legais e regulamentarias aplicables ao caso.

Decláranse recoñecidos, e poderán exercerse, os dereitos de acceso, cancelación, rectificación e oposición, o cal se fará por escrito e achegando identificación suficiente ao seguinte enderezo: Secretaría Xeral da Igualdade, Edificio Administrativo San Lázaro, s/n, 15781 Santiago de Compostela, ou ben mediante o procedemento habilitado para o efecto e que poderá atopar na guía de procedementos da páxina web da Xunta.



Artigo 6. *Informe do Servizo Público de Emprego*

O informe do Servizo Público de Emprego, segundo dispón o Real decreto 1452/2005, do 2 de decembro, polo que se regula a axuda económica establecida no artigo 27 da Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero, deberá facer constar que a muller solicitante desta axuda, debido á súa idade, falta de preparación xeral ou especializada e circunstancias sociais, non vai mellorar de forma substancial a súa empregabilidade pola súa participación nos programas de emprego específicos establecidos para a súa inserción profesional.

Para estes efectos, na elaboración do itinerario persoal de inserción laboral, valorarase cada un dos factores mencionados no punto anterior e a incidencia conxunta destes na capacidade de inserción profesional da vítima e sobre a mellora da súa empregabilidade.

Na apreciación da idade, teranse en conta aquelas idades en que o Servizo Público de Emprego, de acordo coa súa experiencia, poida inferir a dificultade para a inserción laboral.

Polo que se refire ás circunstancias relativas á preparación xeral ou especializada da vítima, estimaranse, fundamentalmente, aqueles supostos de total falta de escolarización ou, se é o caso, de analfabetismo funcional.

Na valoración das circunstancias sociais atenderanse as relacionadas coa situación de violencia sufrida e a súa repercusión na participación ou aproveitamento dos programas de inserción, co grao de discapacidade recoñecido e calquera outra que, a xuízo do Servizo Público de Emprego competente, poida incidir na empregabilidade da vítima.

Artigo 7. *Responsabilidades familiares e convivencia*

Consonte o establecido no artigo 7 do Real decreto 1452/2005, do 2 de decembro, polo que se regula a axuda económica establecida no artigo 27 da Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero, existirán responsabilidades familiares cando a beneficiaria teña ao seu cargo, polo menos, un familiar por consanguinidade ou afinidade ata o segundo grao inclusive, co que conviva. Non se considerarán a cargo os/as familiares con rendas de calquera natureza superiores ao salario mínimo interprofesional, excluída a parte proporcional de dúas pagas extraordinarias.



As responsabilidades familiares deberán concorrer no momento da solicitude, excepto no suposto de fillas e fillos que nazan dentro dos trescentos días seguintes. Neste suposto procederá revisar a contía da axuda percibida, de acordo co disposto no artigo 12 destas bases reguladoras, para adecuala á cantidade que lle correspondería se, na data da solicitude, concorresen esas responsabilidades.

Entenderase que existe convivencia cando esta estea interrompida por motivos derivados da situación de violencia de xénero.

Non será necesaria a convivencia cando exista obriga de alimentos, en virtude de convenio ou resolución xudicial. Presumirase a convivencia, salvo proba en contrario, cando os/as familiares teñan recoñecida a condición de beneficiarios/as de asistencia sanitaria da Seguridade Social no documento que apareza expedido a nome da vítima.

Artigo 8. *Instrución*

1. A instrución do procedemento correspóndelle á Subdirección Xeral para o Tratamento da Violencia de Xénero da Secretaría Xeral da Igualdade. Este proceso efectuarase de forma continuada segundo a orde de recepción de solicitudes.

2. O órgano instrutor realizará de oficio cantas actuacións considere necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos datos en virtude dos cales se debe formular a resolución.

3. De conformidade co establecido no artigo 71 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, no suposto de que a solicitude non estivese debidamente cuberta ou a documentación achegada conteña erros ou sexa insuficiente, o órgano competente requirirá a solicitante para que, no prazo de dez (10) días, achegue os documentos preceptivos ou emende os erros detectados, con indicación de que, se así non o fixer no prazo indicado, se terá por desistida da súa solicitude, logo da correspondente resolución, ditada nos termos previstos no artigo 42 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

4. Sen prexuízo do disposto no parágrafo anterior, poderán requirirse as solicitantes que acheguen cantos datos, documentos complementarios e aclaracións resulten necesarios para a tramitación e resolución do procedemento.



5. O órgano instrutor, de acordo co establecido no artigo 22 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, para as axudas concedidas polo procedemento previsto no artigo 19.2 desta lei, unha vez comprobada a concorrencia dos requisitos exixidos formulará a proposta de concesión directamente ao órgano concedente.

6. As solicitudes que non cumpran as exixencias contidas nestas bases ou na normativa de aplicación, que non conteñan a documentación necesaria ou, de ser o caso, non a presenten nos modelos normalizados, quedarán á disposición do órgano instrutor para que formule a proposta de resolución de inadmisión, na cal se indicarán as causas desta. En todo caso, non se admitirán a trámite e procederá ao seu arquivamento sen posibilidade de emenda as solicitudes que se presenten fóra do prazo establecido na correspondente convocatoria.

7. Durante a tramitación do procedemento, o órgano instrutor solicitará a información necesaria co obxecto de comprobar que, antes de ditarse a resolución de concesión da axuda, se manteñen os requisitos para ser beneficiaria, especialmente, no caso das axudas do artigo 1.1, que as medidas de protección seguen en vigor e que a solicitante non reiniciou a convivencia co agresor.

8. No caso das axudas do punto 1 do artigo 1 destas bases reguladoras, á solicitude incorporárase o informe do Servizo Público de Emprego, solicitado directamente pola Secretaría Xeral da Igualdade, para acreditar que a participación en programas de formación e/ou emprego non vai incidir de xeito substancial na mellora da empregabilidade da beneficiaria.

Artigo 9. *Resolución*

1. Correspóndelle á secretaria xeral da Igualdade, por delegación do vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, a resolución destas axudas.

2. O prazo máximo para resolver e notificar a resolución será de catro meses, que se computarán desde a data en que a solicitude teña entrada no rexistro do órgano competente para a súa tramitación. Transcorrido este prazo sen que recaia resolución expresa, as interesadas poderán entender desestimadas as súas solicitudes por silencio administrativo.



Todas as resolucións serán notificadas de acordo co establecido na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Artigo 10. *Réxime de recursos*

As resolucións ditadas ao abeiro desta convocatoria poñen fin á vía administrativa e contra elas poderán interperse os seguintes recursos, sen prexuízo de que as interesadas poidan exercer calquera outro que consideren procedente:

a) Recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que ditou o acto, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da notificación da resolución, se esta for expresa, ou de tres meses contados a partir do seguinte a aquel en que se produza o acto presunto, de acordo co disposto na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

b) Recurso contencioso-administrativo ante ante o órgano xurisdiccional competente, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da notificación da resolución, se esta for expresa, ou de seis meses contados a partir do seguinte a aquel en que se produza o acto presunto, segundo o disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Artigo 11. *Pagamento das axudas*

1. O pagamento axustarase ao establecido na Lei 38/2003, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. A contía da axuda concedida aboaráselles ás beneficiarias nun pagamento único polo importe que lle corresponda, segundo a resolución de concesión.

2. O pagamento da axuda regulada nesta disposición farase unicamente na conta que as solicitantes fixesen constar na solicitude, que debe permanecer activa para estes efectos mentres non se teña constancia da finalización do expediente; a Administración non se fará responsable da imposibilidade de efectuar o ingreso por causas directamente imputables ás solicitantes.



Artículo 12. *Revisión da contía*

1. No caso de fillas e fillos que nazan dentro dos trescentos días seguintes á solicitude, segundo o previsto no artigo 7 parágrafo segundo, a beneficiaria poderá solicitar a revisión da contía no prazo de tres meses desde o nacemento, para o cal deberá achegar a seguinte documentación:

– Copia compulsada da partida de nacemento da filla/o ou fillas/os que motivan a solicitude da revisión, ou do libro de familia en que figuran.

– No caso de concorrer discapacidade nalgunha das fillas ou fillos nados cos posteriores á concesión da axuda, copia compulsada da certificación acreditativa de tal condición. Non será necesario presentar esta documentación en caso de que fose expedida pola Xunta de Galicia no desenvolvemento das súas competencias. Non obstante, deberá facer constar tal situación na solicitude de revisión.

2. Á solicitude de revisión seralle aplicable todo o procedemento xeral previsto para a tramitación destas axudas.

Artigo 13. *Obrigas das beneficiarias*

1. As beneficiarias quedan sometidas ao cumprimento das obrigas exixidas de conformidade co disposto no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

2. Así mesmo, teñen a obriga de comunicar calquera variación ou modificación que se produza durante a tramitación do procedemento respecto das circunstancias que fundamentan o dereito a percibir estas axudas, de someterse ás actuacións de comprobación que acorde a Secretaría Xeral da Igualdade e de facilitar toda a información que lles sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control.

3. No caso das indemnizacións establecidas no artigo 1.2 destas bases reguladoras, de producirse o pagamento total ou parcial desa indemnización por parte do obrigado a satisfacela dentro dos catro anos seguintes á concesión da axuda, a persoa beneficiaria queda obrigada a comunicalo á Secretaría Xeral da Igualdade e a devolver total ou parcialmente, segundo o caso, a indemnización percibida, no prazo de dez días contado desde que se realice o pagamento.



Artigo 14. *Modificación da resolución de concesión*

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da axuda e, en todo caso, obtención concorrente doutras outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución da concesión ou, de ser o caso, á revogación sen prexuízo do disposto no segundo parágrafo do artigo 16.

Artigo 15. *Reintegro*

1. Procederá a devolución íntegra das cantidades percibidas cando se obtivese a axuda sen reunir os requisitos exixidos para a súa concesión ou se falseasen ou ocultasen feitos ou datos que motivasen a súa concesión. Para a tramitación do expediente declarativo de reintegro haberá que aterse ao disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e na súa normativa de desenvolvemento.

2. No caso das indemnizacións establecidas no artigo 1.2 destas bases reguladoras, procederá tamén o reintegro das cantidades percibidas cando se producise o pagamento total ou parcial desa indemnización por parte do obrigado a satisfacela dentro dos catro anos seguintes á concesión da axuda e a persoa beneficiaria non o comunicase á Secretaría Xeral da Igualdade e non devolvese total ou parcialmente, segundo o caso, a indemnización percibida.

3. De acordo co establecido no artigo 64 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, as persoas beneficiarias poderán realizar, sen o requerimento previo da Administración, a devolución total ou parcial da axuda concedida, mediante o seu ingreso na conta operativa do Tesouro da Xunta de Galicia que lle será facilitada polo órgano xestor, en concepto de devolución voluntaria da subvención. Neste caso, a persoa beneficiaria deberá presentar ante o órgano concedente copia xustificativa da devolución voluntaria realizada, na cal conste a data do ingreso, o seu importe e o número do expediente e denominación da axuda concedida.

Artigo 16. *Incompatibilidades*

1. Coa excepción establecida no parágrafo seguinte deste artigo, as axudas reguladas nesta orde son incompatibles coa percepción de calquera outra axuda establecida tanto



polas administracións públicas ou calquera dos seus organismos, entes ou sociedades, como por calquera entidade privada destinadas ao mesmo fin.

2. A axuda económica establecida no artigo 27 da Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero, é compatible coas axudas previstas na Lei 35/1995, do 11 de decembro, de axudas e asistencia ás vítimas de delitos violentos e contra a liberdade sexual.

3. Por ter distinta finalidade, a axuda económica e a indemnización reguladas nesta orde serán compatibles entre si.

Artigo 17. *Publicidade*

A concesión destas axudas non será obxecto de publicidade, en aplicación do disposto no artigo 18.3º d) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, no artigo 15.2.d) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no artigo 13.6º da Lei 4/2006, do 30 de xullo, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega.

Artigo 18. *Infraccións e sancións*

As beneficiarias estarán sometidas ás responsabilidades e ao réxime sancionador que sobre infraccións nesta materia establece a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e demais normativa de aplicación.

CVE-DOG: mhmqjt0-qnr5-azf8-olh6-lmo0nsyyvg12





XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Secretaría Xeral da Igualdade

ANEXO I

PROCEDEMENTO	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO	DOCUMENTO
AXUDAS E INDEMNIZACIÓNS PARA MULLERES VÍTIMAS DE VIOLENCIA DE XÉNERO	S1434B	SOLICITUDE

DATOS DA PERSOA SOLICITANTE

NOME PRIMEIRO APELIDO SEGUNDO APELIDO NIF/NIE

ENDEREZO LOCALIDADE

CÓDIGO POSTAL PROVINCIA CONCELLO

TELÉFONO FAX ENDEREZO ELECTRÓNICO

DATA DE NACEMENTO NACIONALIDADE

DISCAPACIDADE >= 33% SI NON ORGANISMO QUE EXPEDIU A CERTIFICACIÓN ACREDITATIVA DA DISCAPACIDADE XUNTA DE GALICIA OUTROS

E, na súa representación,

NOME PRIMEIRO APELIDO SEGUNDO APELIDO NIF

TELÉFONO FAX ENDEREZO ELECTRÓNICO

ENDEREZO PARA EFECTOS DE NOTIFICACIÓN (non é necesario se coincide co anterior)

ENDEREZO LOCALIDADE

CÓDIGO POSTAL PROVINCIA CONCELLO

TELÉFONO FAX ENDEREZO ELECTRÓNICO

AXUDA/S SOLICITADA/S

Axuda establecida no artigo 27 da Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero

Indemnización establecida no artigo 43 da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero

RELACIÓN DE FAMILIARES A CARGO E/OU MENORES ACOLLIDOS/AS

NOME E APELIDOS	DATA DE NACEMENTO	DISCAPACIDADE >= 33%	ORGANISMO QUE EXPEDIU A CERTIFICACIÓN ACREDITATIVA DA DISCAPACIDADE
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON	<input type="radio"/> Xunta de Galicia <input type="radio"/> Outros
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON	<input type="radio"/> Xunta de Galicia <input type="radio"/> Outros
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON	<input type="radio"/> Xunta de Galicia <input type="radio"/> Outros
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON	<input type="radio"/> Xunta de Galicia <input type="radio"/> Outros

OFICINA DE EMPREGO ONDE ESTÁ INSCRITA COMO DEMANDANTE DE EMPREGO (no caso das axudas do artigo 27)

OFICINA DE EMPREGO LOCALIDADE PROVINCIA

CENTRO DE REFERENCIA PARA A XESTIÓN DA SÚA SOLICITUDE (CIM, servizos sociais, centro acollida, etc.)

NOME DO CENTRO TELÉFONO DO CENTRO



ANEXO I
(continuación)

DATOS BANCARIOS

NOME DA ENTIDADE

NÚMERO DA CONTA BANCARIA (20 DÍXITOS)

Autorizo a Secretaría Xeral de Igualdade, de conformidade co artigo 2 do Decreto 255/2008, do 23 de outubro, e coa Orde da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, do 7 de xullo de 2009 que o desenvolve, para a consulta dos datos de identidade da persoa solicitante no Sistema de verificación de datos de identidade do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas.

 SI NON

Autorizo a Secretaría Xeral de Igualdade, de conformidade co artigo 3 do Decreto 255/2008, do 23 de outubro, e coa Orde da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, do 7 de xullo de 2009 que o desenvolve, para a consulta dos datos de residencia da persoa solicitante no Sistema de verificación de datos de residencia do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas.

 SI NON

DECLARA

- Que todos os datos contidos nesta solicitude e nos documentos que se xuntan son certos, que non se omiten datos, que coñece as posibles responsabilidades existentes nos supostos de ocultación, falseamento de datos ou calquera outra actuación fraudulenta.
- Que coñece e acepta todas as obrigas establecidas para as persoas beneficiarias destas axudas nas bases reguladoras e na orde de convocatoria.
- Que dá expresamente o seu consentimento para que a Secretaría Xeral de Igualdade complete o expediente administrativo, e para realizar as comprobacións oportunas que acrediten a veracidade dos datos ou documentos achegados no procedemento administrativo e para obter a información adicional que fose necesaria para a axeitada estimación dos ingresos ou recursos económicos.
- Que está ao día nas obrigas tributarias e coa Seguridade Social e que non ten pendente de pagamento ningunha débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma, de acordo co establecido no artigo 11 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Que autoriza a Secretaría Xeral de Igualdade para solicitar o informe do Servizo Público de Emprego de non empregabilidade, no caso da axuda do artigo 27 da Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro.

En cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, de protección de datos de carácter persoal, infórmase de que os datos persoais recollidos nesta solicitude se incorporarán a un ficheiro para o seu tratamento, coa finalidade da xestión deste procedemento. Vostede pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición previstos na lei mediante un escrito dirixido a este centro directivo como responsable do ficheiro.

DOCUMENTACIÓN QUE SE XUNTA (sinalar a que corresponda):


- Acreditación da condición de vítima de violencia de xénero (para a axuda do artigo 27).
- Documentación acreditativa de responsabilidades familiares e convivencia e, de ser o caso, de menores acollidas/os (para a axuda do artigo 27).
- Copia compulsada da acreditación da discapacidade da solicitante e/ou das/os familiares a cargo ou menores acollidas/os nos supostos en que esta fose expedida por unha Administración distinta á da Xunta de Galicia (para a axuda do artigo 27).
- Copia compulsada do permiso de traballo, se é o caso (para a axuda do artigo 27).
- Declaración responsable de ingresos (anexo II) (para ambas axudas).
- Declaración de axudas (anexo III) (para ambas axudas).
- Declaración responsable (anexo IV) (para ambas axudas).
- Autorización para obter información adicional de ingresos e recursos económicos dos membros da unidade familiar de convivencia da solicitante, de ser o caso (anexo VI) (para ambas axudas).
- Copia compulsada da tarxeta de residencia ou da tarxeta de réxime comunitario, de ser o caso (para ambas axudas).
- Testemuño da resolución xudicial, ou copia compulsada desta, que recoñeza o dereito á indemnización (para a axuda do artigo 43).
- Testemuño da resolución xudicial, ou copia compulsada desta, que recoñeza a insolvencia do debedor (para a axuda do artigo 43).
- Compromiso de devolución (anexo V) (para a axuda do artigo 43).
- Acreditación da dependencia dunha muller vítima de violencia de xénero, de ser o caso (para a axuda do artigo 43).
- OUTROS (especificar)

LEXISLACIÓN APLICABLE

Orde do 8 de maio de 2013 pola que se regulan as bases para a concesión das axudas establecidas no artigo 27 da Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero, e no artigo 43 da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, e se procede á súa convocatoria para o ano 2013.

SIGNATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE

Lugar e data

 , de de 

Secretaría Xeral da Igualdade





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Secretaría Xeral da Igualdade

ANEXO II

DECLARACIÓN RESPONSABLE DE INGRESOS

DATOS DA PERSOA SOLICITANTE

NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF/NIE
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

E, na súa representación,

NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

DECLARO BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE OS SEGUINTE BENS, DEREITOS E/OU RENDEMENTOS

1) RENDEMENTOS MENSUAIS ÍNTEGROS DO TRABALLO¹ da solicitante ou do conxunto da unidade familiar, segundo o caso:

PERCEPTOR/A (indicar os/as que proceda)	CONTÍA MENSUAL
<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>

¹ Se non houberse, indicar "NINGÚN"2) RENDEMENTOS DO CAPITAL MOBILIARIO E INMOBILIARIO¹ da solicitante ou do conxunto da unidade familiar, segundo o caso (incluíndo os incrementos do patrimonio. Exceptúase a vivenda habitual)

TITULAR (indicar os/as que proceda)	CONCEPTO	CONTÍA
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

¹ Se non houberse, indicar "NINGÚN"3) RENDEMENTOS DAS ACTIVIDADES ECONÓMICAS¹ da solicitante ou do conxunto da unidade familiar, segundo o caso

CONCEPTO	CONTÍA
<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>

¹ Se non houberse, indicar "NINGÚN"4) INGRESOS DE NATUREZA PRESTACIONAL¹ da solicitante ou do conxunto da unidade familiar, segundo o caso (agás as asignacións económicas da Seguridade Social por filla/o ou menor acollida/ou a cargo)

CONCEPTO	CONTÍA
<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>

¹ Se non houberse, indicar "NINGÚN"

SIGNATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE

Lugar e data

 , de de 

Secretaría Xeral da Igualdade

XUNTA
DE GALICIA

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia>



XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Secretaría Xeral da Igualdade

ANEXO III

DECLARACIÓN DE AXUDAS

DATOS DA PERSOA SOLICITANTE

NOME PRIMEIRO APELIDO SEGUNDO APELIDO NIF/NIE

E, na súa representación,

NOME PRIMEIRO APELIDO SEGUNDO APELIDO NIF

DECLARO

Ter solicitado e/ou percibido as axudas seguintes:

1 Descrición da axuda (prestación, subsidio, etc):
Administración, organismo, ente ou sociedade á cal se lle solicitou:
Data da solicitude: Data da concesión: contía íntegra mensual:
período polo que se lle concedeu: desde ata

2 Descrición da axuda (prestación, subsidio, etc):
Administración, organismo, ente ou sociedade á cal se lle solicitou:
Data da solicitude: Data da concesión: contía íntegra mensual:
período polo que se lle concedeu: desde ata


3 Descrición da axuda (prestación, subsidio, etc):
Administración, organismo, ente ou sociedade á cal se lle solicitou:
Data da solicitude: Data da concesión: contía íntegra mensual:
período polo que se lle concedeu: desde ata

Non ter solicitado ou percibido ningunha outra axuda das administracións públicas ou entidades públicas ou privadas para a mesma finalidade.

SIGNATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE

Lugar e data

, de de



Secretaría Xeral da Igualdade



XUNTA
DE GALICIA

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia>





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Secretaría Xeral da Igualdade

ANEXO IV

DECLARACIÓN RESPONSABLE

DATOS DA PERSOA SOLICITANTE

NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF/NIE
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

E, na súa representación,


NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

DECLARO BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE (sinalar cun X o que proceda)

- Que non convivo co agresor.
- Que non percibín a axuda establecida no artigo 27 da Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero con anterioridade.
- Que non percibín a indemnización que me corresponde polos danos e perdas derivados da situación de violencia de xénero sufrida, recoñecida nunha resolución xudicial firme ditada por un xulgado ou tribunal con sede na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Que si percibín a cantidade de euros por concepto de indemnización polos danos e perdas derivados da situación de violencia de xénero sufrida, recoñecida nunha resolución xudicial firme ditada por un xulgado ou tribunal con sede na Comunidade Autónoma de Galicia. O importe total da indemnización é de euros.

SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE

Lugar e data

 , de de 

Secretaría Xeral da Igualdade

XUNTA
DE GALICIA

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia>

ANEXO V

COMPROMISO DE DEVOLUCIÓN

DATOS DA PERSOA SOLICITANTE

NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF/NIE
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

E, na súa representación,


NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

COMPROMÉTOME a devolver a indemnización percibida no prazo de catro anos desde o momento da concesión, no caso de que, por cambio de fortuna do obrigado ao pagamento, este proceda a pagar de xeito voluntario ou forzoso.

SIGNATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE

Lugar e data

, de de



Secretaría Xeral da Igualdade





ANEXO VI

AUTORIZACIÓN PARA OBTEN INFORMACIÓN ADICIONAL DE INGRESOS E RECURSOS ECONÓMICOS DOS MEMBROS DA UNIDADE FAMILIAR DE CONVIVENCIA DA SOLICITANTE**DATOS DA PERSOA SOLICITANTE**

NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF/NIE
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

E, na súa representación,

NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

As persoas que asinan abaixo AUTORIZAN a Secretaría Xeral da Igualdade da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, ao acceso á información adicional para a axetada estimación dos ingresos ou recursos económicos dos membros da unidade familiar de convivencia da solicitante que sexan necesarios para o recoñecemento, seguimento e control das axudas económicas a mulleres vítimas de violencia de xénero previstas no artigo 27 da Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero, así como para a indemnización establecida no artigo 43 da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero.

DATOS DA PERSOA SOLICITANTE DA AXUDA


NOME E APELIDOS	NIF/NIE	Sinatura
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

DATOS DOUTROS/AS MEMBROS DA UNIDADE FAMILIAR DE CONVIVENCIA DA SOLICITANTE QUE PERCIBAN INGRESOS COMPUTABLES PARA O RECOÑECIMENTO DA AXUDA

Parentesco coa solicitante	NOME E APELIDOS	NIF	Sinatura
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE

Lugar e data

 , de de 

Secretaría Xeral da Igualdade

